



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 28 DE OUTUBRO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas do día vinte e oito de outubro de dous mil quince, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo **Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:**

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo Gonzalez

Non asiste o concelleiro Sr. Español Otero.

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 6 de outubro de 2015 ó que responden negativamente os concelleiros presentes na mesma, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nesa sesión.

PUNTO 2.- APROBACIÓN CUOTAS DO MERCADO DE ABASTOS

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de SETEMBRO de 2015 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

PUNTO 3.- INFORMES XURÍDICOS

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 21 de outubro de 2015, comunicando a providencia ditada o 13 de outubro de 2015 polo Xulado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentencia dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 103/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o Decreto 258/02 do Alcalde da Guarda contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D. Ignacio Alvarez Alvarez.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da providencia de 13 de outubro de 2015 e acorda non interpoñer recurso de reposición e iniciar os trámites tendentes á demolición da vivenda obxecto do procedemento.

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 7 de outubro de 2015, comunicandoo auto ditado o 11 de xuño de 2015 polo Tribunal Supremo recurso de casación nº 3737/2014 entablado por Juan María Delgado Tapias e outros (titulares de 8 vivendas no baixo da Armona) contra o auto do 30 de xullo de 2014 ditado polo TSXG no recurso contencioso-administrativo nº 6020/96 entablado por D. Eulogio P. Abeleira contra a desestimació presunta da denuncia formulada ante a alcaldía da Guarda para que procedese á demolición das obras de construcción de 8 vivendas no baixo da Urbanización da Armona.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto de 11 de xuño de 2015 e acorda dar traslada á oficina técnica municipal para a súa constancia no expediente e para que confeccione un informe técnico no que se indique cal é a mellor maneira de proceder a executar a sentencia.

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 21 de outubro de 2015 comunicando a sentenza ditada o 7 de outubro de 2015 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 661/14 entablado polo Concello da Guarda contra tres resolucións da APLU do 09/09/2014 polas que se inadmite o recurso de reposición e o requerimento previo de anulación formulados polo Concello da Guarda contra anteriores acordos do mesmo órgano polos que se devolve ó Concello tres expedientes de infracción urbanística en base a que as obras suxeitas a procedemento de comunicación previa non están incluidas dentro do ámbito de delegación de competencias do convenio de adhesión dos Concellos a dito organismo, así como contra acordo do consello executivo da APLU de 24/07/2015 no que se interpretou o mesmo.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica do 7 de outubro de 2015 e acorda entablar recurso de apelación contra a mesma e solicitar da APLU unha modificación do Convenio de delegación de competencias subscrito co Concello da Guarda pola que se inclua en dito convenio as obras obxecto de comunicación previa ubicadas nas clases de solo ós que fai referencia o convenio.

4.- INFORMES SERVIZOS SOCIAIS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 10 de outubro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. M.A.G.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 5 de outubro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. M.C.A.M.



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 6 de outubro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. C.A.L.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 13 de outubro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. A.E.G.G.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

PUNTO 5.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 6.606 de data 8 de outubro de 2015, presentado por Dª. S.B.L., con enderezo na rúa Galicia, nº 55-1ºA de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Galicia, nº 55-1ºA.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4º trimestre de 2016 incluido, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 5.404 de data 13 de agosto de 2015, presentado por Dª. L.F.C., con enderezo na rúa Bechos, nº 37 de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Bechos, nº 37.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4º trimestre do ano 2015 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2016 incluido, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 6.160 de data 17 de setembro de 2015, presentado por D. J.L.G.R., con enderezo na rúa Ramón Sobrino, nº 10-1º Dta de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Ramón Sobrino, nº 10-1º Dta.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2º trimestre de 2016 incluido, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 6.158 de data 17 de setembro de 2015, presentado por D. R.A.A., con enderezo na rúa Castiñeira – O Castro, nº 7 Dta de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Castiñeira – O Castro, nº 7.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4º trimestre de 2016 incluido, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 6.372 de data 29 de setembro de 2015, presentado por Dª. M.C.M.G., en representación de D. J.L.A.R., con enderezo na rúa Malteses, nº 110 de A Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Rúa Malteses, nº 110.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4º trimestre de 2016 incluido, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 6.319 de data 25 de setembro de 2015 presentado por D.J.A.G., en representación de Dª. C.G.V., con enderezo na rúa Bouza da Fonte, nº 14 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito en Camiño do Outeiro, nº 11.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaracion da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 6.680 de data 13 de outubro de 2015 presentado por Dª. I.P.G., con enderezo na Praza de Bautista Alonso, nº 7-2ºD da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na Praza de Bautista Alonso, nº 7-2ºD.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaracion da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 5.674 de data 27 de agosto de 2015 presentado por Dª. N.R.G., con enderezo na rúa 5ª Trans. Solanas, nº 4-2º da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa 5ª Transv. Solanas, nº 4-2º.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaracion da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito RE 6.545 de data 6 de outubro de 2015 presentado por D. M^a.C.M.L. con endereço na Avda. Santo Domingo de Guzman, nº 2-3°F da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na Avda. Santo Domingo de Guzman, nº 2-3°F.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 6.578 de data 7 de outubro de 2015 presentado por D. J.L.B.A. con endereço na rúa do Porto, nº 57-2º da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa do Porto, nº 57-2º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.470 de data 7 de xullo de 2015, presentado por DNA. ELENA IGLESIAS DOMINGUEZ, con endereço na rúa Galicia, nº 85-1ºA da Guarda, solicitando a anulación do recibo de auga do obxecto tributario Rúa Galicia, nº 85-1ºA correspondentes ó 4º trimestre de 2014 e ó 1º trimestre de 2015 debido a unha fuga imposible de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular os recibos de auga do 4º trimestre de 2014 e o 1º trimestre de 2015 do obxecto tributario Rúa de Galicia, nº 85-1ºA e a emisión duns novos pola media ponderada.

Lese o escrito RE 6.375 de data 29 de setembro de 2015, presentado por DNA. MARÍA JOSEFA BAZ CADILLA, con endereço na rúa Subida ó Torroso, nº 14 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de auga do obxecto tributario Rúa Ramón Sobrino, nº 6-3º correspondente ó 2º trimestre de 2015 debido a que se fixo unha lectura dos últimos 14 trimestres por erro na propia lectura relacionado coa colocación dos contadores.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo de auga do 2º trimestre de 2015 do obxecto tributario Rúa Ramón Sobrino, nº 6-3º e a emisión dun novo pola media ponderada, recordándolle a necesidade de que faga accesible o contador.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 7.032 de data 26 de outubro de 2015, presentado por D. EMILIO BAZ PACHECO, con enderezo na rúa Mariano Ordóñez, nº 1-2°C da Guarda, solicitando autorización para cambiar o posto de venda nº 8 polo nº 12 da praza de Abastos.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude xa que, segundo o Regulamento de Organización e Funcionamento da Praza de Abastos, a concesión de postos de venda só se producirá a través de subasta pública.

Lese o escrito RE 6.614 de data 8 de outubro de 2015, presentado por SUBMINISTROS ROCHA, S.L., con enderezo a efectos de notificacións na rúa José María Sesto, nº 31 da Guarda, solicitando a rectificación da sinalización horizontal da estrada PO-552 ó paso pola súa dirección ó considerarse prexudicados pola nova regularización.

A Xunta de Goberno Local acorda remitir a súa queixa ó organismo competente, neste caso, á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

Lese o escrito RE 6.616 de data 8 de outubro de 2015, presentado por Dª. MARIA ADELINA GOMEZ MARTINEZ, con enderezo a efectos de notificacións na rúa José María Sesto, nº 56 da Guarda, solicitando a rectificación da sinalización horizontal da estrada PO-552 ó paso pola súa dirección ó considerarse prexudicados pola nova regularización.

A Xunta de Goberno Local acorda remitir a súa queixa ó organismo competente, neste caso, á Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

Lese o escrito RE 6.548 de data 6 de outubro de 2015, presentado por D. MANUEL ALBERTO FRANCO PEIXOTO, en calidade de Presidente da Comunidade de Propietarios Avda. Santo Domingo de Guzmán, nº 3, solicitando a limpeza da beira dereita da avda. Santo Domingo de Guzmán propieda deste Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado tal e como se acordou co Sr. Alcalde.

Lese o escrito RE 6.704 de data 14 de outubro de 2015, presentado polo CEIP A SANGRIÑA, solicitando autorización para usar a piscina cuberta municipal durante os meses de marzo, abril e maio de 2016 para o alumnado de 5º e 6º de primaria nos horarios establecidos no corpo do escrito.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE nº 6.856 de data 21 de outubro de 2015, presentado por D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE, portavoz do BNG da Guarda, solicitando explicacións polos continuos apagóns que se están a producir en varios lugares da vila.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa se lle pasou parte das deficiencias no alumeadoo a Portos nas que respectan a súa competencia. As demais deficiencias son puntuais e esporádicas e están sendo arranxadas no día seguinte.

Lese o escrito RE 6.585 de data 7 de outubro de 2015, presentado por D. AGUSTÍN FERREIRA LORENZO, en calidade de Presidente de ANABAM, solicitando a intervención do Concello co fin de recabar os pertinentes permisos da Consellería de Cultura e da Consellería de Medio Ambiente para proceder ó desbroce e limpeza das salinas da parroquia de Camposancos. Asimesmo solicitan que por parte deste Concello de dispoñas dos medios persoais necesarios para levar a cabo dito desbloqueo e limpeza.

A Xunta de Goberno Local acorda tramitar os permisos pertinentes.

PUNTO 6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 5.334/2014.- Dª. MARÍA AUREA ÁLVAREZ VICENTE, PARA REVESTIMENTO EXTERIOR DA FACHADA PRINCIPAL CON MORTERO DE CEMENTO NUNHA SUPERFICIE DE 82,43 M². DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL ALOQUEIRO Nº. 17, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.760/2015.- Dª. MARÍA AUREA ÁLVAREZ VICENTE, PARA REVESTIMENTO EXTERIOR DA FACHADA LESTE CON MORTERO DE CEMENTO NUNHA SUPERFICIE DE 66,74 M². DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1º TRV. ALOQUEIRO Nº. 17, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.893/2015.- D. MANUEL LÓPEZ MARTÍNEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 100,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O MATERIAL DE CUBRICIÓN (TELLA PLANA) POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL BUXÁN Nº. 3, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.446/2015.- D. JOSÉ RAMÓN VICENTE VICENTE, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 60,00 M²., CONSISTENTE NA RETIRADA DA TELLA EXISTENTE E COLOCACIÓN DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA VEREA SUXEITA CON GANCHOS DE ACEIRO INOX. CON REMATES DE CUMBREIRA, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL BALIÑOS Nº. 7, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.823/2015.- Dª. MARÍA ARGENTINA PORTELA VIVENTE, PARA REFORMA DE CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 120,00 M². CONSISTENTE EN



C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

RETIRAR A TELLA CERÁMICA PLANA E POSTERIOR COLOCACIÓN DE PANEL SANDWICH IMITACIÓN TELLA DE 100 X 100 ATORNILLADA A ESTRUCTURA DE MADEIRA EXISTENTE DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE GALICIA Nº. 117, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.007/2015.- Dª. MARÍA MANUELA GÓMEZ ALONSO, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 70,00 M². CONSISTENTE NA LIMPEZA DAS TELLAS E RETELLADO, E SANEAMENTO DE PAREDES INTERIORES DO CABANÓN SITO NA RÚA DE CORUTO VELLO Nº. 56, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.848/2015.- D. ROSENDO ESPERANZA GONZÁLEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 180,25 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA MIXTA E BARROTILO DE FORMIGÓN POR TABLEIRO DE BARDO CERÁMICO DE 6 CMS. DE ESPESOR, ILLAMENTO TÉRMICO (XPS) DE 4 CMS. DE ESPESOR, CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS, E FORMACIÓN DE CASETÓN PARA PERMITIR ACCESO Ó BAIXO CUBERTA, NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 4º TRV. A CRUZ-BARRANTES Nº. 18, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.862/2015. D. RAMÓN GONZÁLEZ GONZÁLEZ, PARA DERIBO DE PARTE DE MURO NUNHA LONXITUDE DE 5,00 MTS X 1.80 MTS. DE ALTO EN CUMPRIMENTO DE SENTENCIA XUDICIAL Nº. 00144/2014, SITO NA RÚA DE 3º TRV. A CRUZ Nº. 22, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.916/2015.- Dª. MANUELA ÁLVAREZ ÁLVAREZ, PARA DERIBO DE CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 15,00 M². E FORMACIÓN DUN NOVO NUNHA SUPERFICIE DE 30,00 M²., SITO NA RÚA DE COUTO Nº. 12, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.835/2014.- D. SANTIAGO ÁLVAREZ GONZÁLEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 90,00 M². CONSISTENTE NA RETIRADA DE MATERIAL CUBRICCIÓN EXISTENTE E CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA REALIZADA CON POSTES PRETENSADOS, CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA DO PAIS CON REMATE DE ALEIROS E CUMBREIRA, SITA NA PRAZA DE IGNACIO SOBRINO Nº. 5, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.688/2015.- Dª. MARTINA FLORES PÉREZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 136,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O MATERIAL DE CUBRICIÓN EXISTENTE POR CHAPAS TIPO AGROTHERM CON ILLAMENTO E ACABADO EXTERIOR EN FORMA E COR A TELLA DO PAIS, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE REPÚBLICA DOMINICANA Nº. 14, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 3.842/2015.- COMUNIDADE PROPIETARIOS LARGO, 2 RPRS. POR D^a. LUCIA GIL ESPAÑOL, PARA REPARAR A CUBERTA DO EDIFICIO NUNHA SUPERFICIE DE 610,00 M²., CONSISTENTE NA REPARACIÓN DE PLOMOS E LIMAGOYAS EXISTENTES, REVISIÓN E REPARACIÓN DE CHIMENEAS, REVISIÓN E REPARACIÓN DAS CAIDAS DO TELLADO CON NOVO PEGADO DAS TELLAS SOLTAS, SITO NA RÚA DE LARGO Nº. 2, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.239/2015.- D. JOSÉ IGLESIAS ANDURA, PARA "REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 80,00 M²., E COLOCACIÓN DE RECERCADOS DE PEDRA EN 5 VENTÁS", DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA LAXE GRANDE Nº. 18, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.410/2015.- D. RICARDO DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 82,00 M². CONSISTENTE NA RETIRADA DA TELLA ACTUAL E COLOCACIÓN DE TELLA NOVA SOBRE ESTRUCTURA EXISTENTE, E FIXACIÓN DE ONDULINE EXISTENTE EN FACHADA LATERAL CON TORNILLOS DE INOX. E RETIRADA DOS VELLOS OXIDADOS DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE SAN BERNARDO Nº. 14, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.663/2015.- D. JOAQUIN ARTURO GÓMEZ MARTÍNEZ, PARA RECONSTRUCCIÓN DE ESQUINA DE FORXADO CON MORTERO REPARADOR FORMIGÓN, SUBSTITUCIÓN DE TELLAS ROTAS (4 UNIDADES) E REPARACIÓN DE GRETA CON GRAPAS E MORTERO, LIMPEZA XERAL DO TELLADO E SUXECCIÓN DE TELLAS EN ALEIRO FACHADA PRINCIPAL, DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE BRASILINO ÁLVAREZ Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.750/2015.- D. GENEROSO CASTRO ALONSO, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 87,50 M². CONSISTENTE NA RETIRADA DO MATERIAL DE CUBERTA APROVEITANDO O AISLAMENTO PROXECTADO E COLOCACIÓN DE URALITA E TELLA DO PAIS, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE OLIVA Nº. 59, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 7.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

Lese o escrito RE 6.164 de data 17 de setembro de 2015, presentado por D^a. ANA KARINA COBALLES TRIGO E D. JOSÉ ANTONIO GOMEZ DE SANTIAGO, con endereço na rúa Galicia, nº 56 da Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución da construición de vivenda unifamiliar sita na rúa José Antonio Lomba Camiña, s/n – parcela 1, visado o 14.09.2015 que conta con licencia municipal de obras nº 20/2014.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 27 de outubro de 2015, acorda acceder ó solicitado.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

8.- PRORROGA DE OBRAS

Lese o escrito RE 5.759 de data 31 de agosto de 2015, presentado por D. JOSE LUIS LOMBA RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Circunvalación, nº 7-2º da Guarda, solicitando prorroga de obras á licenza de obras 114/2012.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle unha prorroga de obras á licenza 114/2012 por 3 anos.

Lese o escrito RE 5.787 de data 1 de setemrbo de 2015, presentado por D. SANTIAGO PORTELA ALONSO, con enderezo na rúa 2ª Transv. Portela-Amó, nº 5 da Guarda, solicitando prorroga de obras á licenza de obras 113/2012.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle unha prorroga de obras á licenza 113/2012 por 3 anos.

PUNTO 9.- COMUNICACIÓN PREVIA LICENCIAS DE APERTURA

Exp. Nº 5.466/2015 de data 17.08.2015.-

Vista a comunicación previa feita por D. PERFECTO GONZALEZ PAZOS, con enderezo na rúa A Igrexa, nº 3 de Xinzo de Llmia, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR DE CALZADO E COMPLEMENTOS PIEL (Epíg. 651.6) no local sito na rúa Concepción Arenal, nº 77-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 11 de setembro de 2015 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. PERFECTO GONZALEZ PAZOS licencia municipal nº 25/2015 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE CALZADO E COMPLEMENTOS PIEL (Epíg. 651.6) situado na rúa de Concepción Arenal, nº 77-baixo.

Exp. Nº 5.749/2015 de data 28.08.2015.-

Vista a comunicación previa feita por Dª. Mª BELEN IGLESIAS FERREIRA, con enderezo na rúa Baixada á Armona, nº 27 da Guarda, para inicio de actividade de TATUAXES E MAQUILLAXE (Epíg. 979.9) no local sito na rúa Pacífico Rodríguez, nº 8- baixo D da Guarda, e visto o informe favorable de data 11 de setembro de 2015 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a Dª. Mª BELEN IGLESIAS FERREIRA licencia municipal nº 26/2015 para a apertura dun local dedicado á actividade de TATUAXES E MAQUILLAXE (Epíg. 979.9) situado na rúa de Pacífico Rodríguez, nº 8-baixo D.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Exp. Nº 6.726/2015 de data 15.10.2015.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ, con enderezo na rúa Galicia, nº 26-baixo da Guarda, para inicio de actividade de SERVIZO DE PERRUQUERÍA DONAS E CABALEIROS (Epíg. 972.1) no local sito na rúa Galicia, nº 26-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 23 de outubro de 2015 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D^a. JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ licencia municipal nº 27/2015 para a apertura dun local dedicado á actividade de SERVIZO DE PERRUQUERÍA DONAS E CABALEIROS (Epíg. 972.1) situado na rúa de Galicia, nº 26-baixo.

Exp. Nº 3.491/2015 de data 29.05.2015.-

Vista a comunicación previa feita por D. JOSE ANTONIO OLMEDO GRANJA, con enderezo na rúa Galicia, nº 42-baixo da Guarda, para inicio de actividade de CAFETERÍA (Epíg. 672.3) no local sito na rúa Galicia, nº 42-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 23 de outubro de 2015 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. JOSE ANTONIO OLMEDO GRANJA licencia municipal nº 28/2015 para a apertura dun local dedicado á actividade de CAFETERÍA (Epíg. 672.3) situado na rúa de Galicia, nº 42-baixo

Sendo as nove horas e cincuenta minutos o sr. presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.